

IDEAS PARA UNA HOMILÍA CON NENOS 15 DECEMBRO 2024

SÚBETE AO AUTOBÚS... ¡CONVIÉRTETE!

1. Ver: Subimos ao autobús con Xoán Bautista

- Seguímonos preparando para celebrar o Xubileu 2025 co lema “Peregrinos de Esperanza”. E para iso seguimos a dinámica que nos propón o debuxante Fano: imos de peregrinación nun autobús morado, a cor do Advento, camiño de Belén, ao encontro con Xesús. Esta semana **sóbese ao autobús Xoán Bautista**, o curmán de Xesús, ese **personaxe** que se asoma polo portelo da Palabra de Deus para deixarnos unha consigna a realizar. Así será un Advento XUBILOSO...

*Que sabes de Xoán Bautista?
Que nos dirá?*

2. XULGAR: Xoán Bautista dinos: “Convértete!”

- No evanxeo deste domingo, a xente acode a Xoán Bautista que bautiza con auga e anuncia que vai chegar o Salvador. E preguntanlle: “Se vai vir Xesús, que debemos facer?”, como temos que prepararnos. E Xoán respóndelles: compartide a comida, non roubedes, non vos aproveitades de ninguén...

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- **Xoán Bautista tráenos dúas mensaxes. O primeiro, ALÉGRATE!** As rúas, as casas, as clases vanse enchendo de luces de cores, de adornos do Nadal e de símbolos que

anuncian con aire festivo o Nadal. Pero, será a festa dos renos, de Papá Noel, dos centros comerciais?... É a festa do nacemento de Xesús. E por iso estamos alegres.

- Cántase que o inventor dos Iphone, Steve Jobs, foi contratar como director da súa recentemente creada empresa ao director xeral de Pepsi-Cola. Só lle fixo unha pregunta: **“A que queres dedicar toda a túa vida: a vender auga con azucre ou a cambiar o mundo comigo?”**. Pois este director deixou o seu antigo traballo e foise con Jobs... E ti, prefires vivir unha vida azucrada, aburrida ou vivir con ilusión, feliz, preto de Xesús? Como queres que sexa a túa vida, a túa familia..., con sentido, alegre, con Xesús ou sen El?

- **As segundo mensaxes de Xoán Bautista: CONVÉRTETE!** *“Convertédevos, porque Xesús está cada vez máis preto”*. O que deixa entrar a Xesús na súa vida cambia, renóvase, relaciónase con Deus dunha forma nova, cos demais, únese á comunidade, toma postura ante as necesidades que ve ao seu redor. Ora, comparte.

***Que aprendo de Xoán Bautista?
Que nos fai vivir alegres, felices?***

3. ACTUAR: Alégrate, convértete, comparte

- Miremos estes días se facemos sempre o correcto, o que está ben, se estamos preto dos que nos necesitan, se hai algo na nosa vida que non deixa nacer en nós a Xesús e preparemos a celebración penitencial de Nadal. Seguindo o debuxo de Fano recortamos o portelo de Xoán Bautista, coloreámola e colocámola na 3ª xanela do autobús. E cantamos “Súbete ao autobús
- Acendemos **o 3º cirio de Advento** coa oración correspondente. Falamos de Xesús a un amigo.

Que imos facer?

LECTURAS

FONÍAS 3, 14-18a: *O Señor exulta e alégrase contigo.*

SALMO Is. 12: R/.

Gritade xubilosos, porque é grande no medio de ti o Santo de Israel.

FILIPENSES 4, 4-7: *O Señor está preto.*

LUCAS 3, 10-18: *E nós, que debemos facer?*

Narrador: Naquel tempo, a xente preguntaba a Xoán:

Xente: -«*Entón, que debemos facer?*».

Narrador: El contestaba:

Xoán B. -«*O que teña dúas túnicas, que comparta co que non ten; e o que teña comida, faga o mesmo*».

Narrador: Viñeron tamén a bautizarse uns publicanos e preguntáronlle:

Publicanos: -«*Mestre, que debemos facemos nós?*».

Narrador: El contestoulles:

Xoán B. -«*Non esixades máis do establecido*».

Narrador: Uns soldados igualmente preguntábanlle:

Soldados: -«*E nós, que debemos facer nós?*».

Narrador: El contestoulles:

Xoán B. -«*Non fagades extorsión nin vos aproveitedes de ninguén con falsas denuncias, senón contentádevos coa paga*».

Narrador: Como o pobo estaba expectante, e todos se preguntaban no seu interior sobre Xoán se non sería o Mesías, Xoán respondeulles dirixíndose a todos:

Xoán B. -«*Eu bautízovos con auga; pero vén o que é máis forte ca min, a quen non merezo desatarlle a correa das súas sandalias. **El bautizaravos con Espírito Santo e lume;** na súa man ten a forcada para aventar a súa parva, reunir o seu trigo no celeiro e queimar a palla nunha fogueira que non se apaga*».

Narrador: Con estas e outras moitas exhortacións, **anunciaba ao pobo o Evanxeo.**

Palabra do Señor.

Bautista-Xente-Publicanos-Soldados).